



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

##### Anuncio

Conforme ao artigo 23.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o Pleno da Deputación de Lugo delegou o establecemento e/ou modificación do custo de referencia da Ordenanza reguladora dos prezos públicos na Xunta de Goberno desta entidade provincial. Así, en sesión ordinaria realizada o 19.06.2026 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, vista a memoria económico-financeira para a aprobación da ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial dos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo elevada ao Pleno, deu aprobación ao custo de referencia do servizo de atención residencial (Crs) dos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo diferenciado por modalidade, quedando establecidos en 2.200,00 € (dous mil douscentos euros) para persoas valoradas como dependentes e 1.750,00 € (mil setecentos cincuenta euros) para persoas valoradas como autónomas. Estes importes serán actualizados anualmente, conforme ao establecido na Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo.

Lugo, 19 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1673

### CONCELLOS

#### CHANTADA

##### Anuncio

Finalizado o proceso selectivo convocado polo sistema de concurso oposición para o ingreso na praza de persoal laboral fixo do Concello de Chantada incluída na oferta de emprego público do ano 2024, aprobada por Resolución da Alcaldía 2024-0650 de data 12/07/2024 e publicada no Boletín Oficial da Provinda de Lugo nº 164 do 16/07/2024, por resolución da alcaldía de data 25 de xuño de 2026 resolveuse nomear como persoal laboral fixo ao candidato proposto polo tribunal que se relaciona:

APELIDOS E NOME	NIF	PRAZA	GRUPO	CODIGO
GARCÍA EIRIZ, FRANCISCO JOSÉ	***711***	TÉCNICO DEPORTIVO	III	6116

Chantada, 25 de xuño de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1717

### LUGO

##### Anuncio

#### CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.

Expte. Tecol: 2026/G004/000147

##### 1. ANTECEDENTES DE FEITO